



Solicitud de domicilio social na Casa das Asociacións

Interesado

Nome da asociación

Núm. inscrición Rexistro Municipal de Asociacións

CIF

Enderezo actual

Núm.

Escaleira

Andar

Porta

CP

Municipio

Provincia

Teléfono

/

Correo electrónico

Representante asociación

SOLICITA:

Ter o seu **domicilio social** na Casa das Asociacións, tal e como se recolle no artigo 8 do Regulamento da Casa das Asociacións (BOP núm. 91, do sábado 21 de abril de 2007).

As **obrigas** das asociacións usuarias serán as seguintes (artigo 20 de Regulamento)

1. As entidades solicitantes de espazos, unha vez autorizados para o seu uso, deberán cumprir os requisitos e normas sinaladas a continuación.
2. As autorizacións para un uso continuado, concederanse cunha validez máxima de tres meses, sendo preciso solicitar a renovación transcorrido este prazo.
3. A falta de utilización continuada sen mediar comunicación do feito aos responsábeis do centro dará lugar á perda de todos os dereitos sobre a reserva programada, téndose en conta esta actuación para posteriores solicitudes.
4. Non se poderán utilizar os espazos para fins diferentes aos establecidos na autorización. Os horarios concedidos non poderán ser utilizados por outras persoas ou colectivos diferentes aos autorizados.
5. Dependendo do tipo de acto ou actividade que se realice, a entidade solicitante terá que subscribir póliza de responsabilidade civil que cubra e garanta as continxencias da utilización do espazo utilizado, e do desenvolvemento da actividade obxecto da solicitude; no caso de que non se subscriba póliza, o Concello declina toda responsabilidade que se formule como consecuencia do desenvolvemento destas actividades.
6. En toda actividade autorizada con reserva de espazo deberá existir unha persoa responsábel do bo uso deste, do control e a seguridade do acto, que terá que ser coñecida polo responsábel do centro.
7. En toda publicidade ou documentos referentes ás actividades que se realicen en espazos do centro terá que constar que se trata dun equipamento do Concello de Santiago de Compostela, incorporándose de forma visíbel o seu logotipo.

A dirección do centro poderá inspeccionar as actuacións obxecto de autorización, coa finalidade de comprobar a súa adecuación ao proxecto, memoria ou plano presentado e as condicións establecidas para o outorgamento da autorización. Se como consecuencia deste seguimento, se constatase o incumprimento da presente normativa ou das condicións específicas da autorización, poderá acordarse a suspensión cautelar da actividade en cuestión, e a persoa responsable do centro deberá redactar un informe que lle remitirá á Dirección do centro.

As Asociacións aceptarán en todo momento as indicacións do persoal da Casa das Asociacións, e respectarán en todo caso, o fixado no Regulamento da Casa das Asociacións, aprobado na reunión do Consello de Participación Cidadá con data do 15 de febreiro de 2007 e no Pleno da Corporación o día 29 de marzo de 2007.

Santiago de Compostela,

de

de 20 .

O Presidente da Asociación

Vº e pr.

Concelleiro delegado da área de Relacións Veciñais

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA